

A sección onde
deixares [as túas
opinións](#),
comentarios ou
suxestións e
debater con outros
internautas.

AS WEBS DE AQUÍ

Consulta no
[directorio de
Vieiros](#) as páxinas
sobre literatura,
editoriais e
librarías

Reflexión sen adoutrramento

[25/10/2006 11:38] por [Héitor Mera](#)
Spam
Francisco Castro

Galaxia, Vigo, 2006. 130 páxs., 12 €

Hai unha contracorrente de pensamento contraria a todo o fenómeno globalizador e tendente aos comportamentos esquizoides que tanto anima o bombardeo sutil desta sociedade enferma onde non paramos e só pensamos no que as pautas de comportamento esperan de nós. Esta contracorrente de pensamento está inserida dentro dun grepúsculo de intelectuais con certa sona que a través de ensaios ou entrevistas, mesmo algún que outro documental, nos explican moi claramente cales son os aspectos que fan que este mundo estea tan apodrecido. Dalgunha maneira, tamén eles nos están guiando.



Mais, cantos textos hai que nos leven a unha reflexión non guiada? Textos que simplemente nos fagan pensar? Presentación duns acontecementos sen ánimo de convencer a ninguén do que está ben e do que está mal. Simplemente se expresa unha posible situación, incluso esaxerada, pero que na esencia pode describir perfectamente o tipo de comportamentos que se están dando e que tanta problemática suscita. En *Spam* Francisco Castro cóntanos a historia dun superexecutivo superfel á empresa e ao seu Director Xeral que non só se limita a render para "A Empresa" (desnaturalización onomástica moi oportuna a que aparece na novela), senón que, pensando que el mesmo é parte indispensable desA Empresa, comeza a actuar dende a mentalidade das superestruturas neoliberais que deshumanizan ás persoas facendo delas números que serven para producir mentres serven para reducir, desfácendose deses numeríños cando as gañancias da Empresa se ven minimamente afectada. Realmente este alto executivo cre que é parte desta superestrutura sen decatarse de que non é máis que un traballador máis hiperalienado. Alienación que o leva, a través da intranet, internet e webcam a controlar todos os movementos dos seus compañeiros levando esta práctica ao patolóxico. O que parece moi forte, inapelable, é dicir, a posición deste executivo con apelido común: Gómez, non é máis que unha ferramenta máis do poder que, moi lonxe de ser forte e insustituíble é manipulable e prescindible sen ningún tipo de misericordia. Toda esta situación virá dada pola aparición dun elemento estraño no decorrer normal da supercontrolada empresa: e-mails ofensivos contra o Director Xeral. As columnas de tan impresionante edificio construído por Gómez, abanean e só lle queda investigar quen é o responsable de tal agravio.

O discurso que nos achega Castro a partir destas premisas está realmente ben construído. Dende un narrador omnisciente e cómplice co propio lector vai achegando toda a información mantendo a tensión narrativa até o último momento. Humor, ironía, abraiamento, fan deste narrador un acerto narrativo que mantén espléndidamente conectado ao lector á novela que, ao non ser demasiado longa, si que rezuma intensidade lectora. Castro manéxase en moitos rexistros narrativos, contrólaos con oficio e nesta súa última obra fornece esa capacidade cunha novela que sorprende polo tema e polo seu discurso cun toque certamente desenfadado e distante do que acontece.

Spam é unha gran metáfora exemplificativa do que se move nesta sociedade. Aparentemente hiperbólica, posiblemente se empezásemos a rañar en realidades cotiás achegadas ao noso mundo, quizais se quedase curta baixo aquela máxima que os seres humanos nos empeñamos en confirmar día a día: a realidade sempre supera a ficción. En todo caso, *Spam* é un bo "foro" para reflexionar e facernos pensar de cara a onde imos en tempos certamente tenebrosos baixo as enganosas luceciñas do capital que fan a destrución e decadencia intelectual aparentemente moi levable. Recomendable para alienados e descerebrados.

[mércao en Andel](#)

COMENTARIOS:

Hai 0 comentarios para esta nova. [Le os comentarios e participa](#)

OUTRAS NOTICIAS

 [Na memoria está a dignidade](#)